

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 16.- REGULADORA DA TAXA POLA
PRESTACIÓN DE SERVICIOS NO CEMITERIO MUNICIPAL.**

FUNDAMENTO E NATUREZA.

ARTÍGO 1.-

En uso das facultades concedidas pola lei reguladora das facendas locais, este concello establece a “Taxa do cemiterio municipal”, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

FEITO IMPOÑIBLE.

ARTÍGO 2.-

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a prestación de servicios do cemiterio municipal, tales como asignación de espazos para enterramentos, permisos de construción de panteóns ou sepulturas; ocupación dos mesmos; redución incineración; movementos de lápidas; colocación de lápidas, enreixados e adornos, conservación dos espazos destinados ó descanso dos defuntos e calquera outros que, de conformidade co previsto no Regulamento de policía sanitaria mortuoria, así como no Regulamento do servizo, sexan precedentes ou se autoricen a instancia de parte.

2.- O servizo é de solicitude *cando se pretenda obter algún dos beneficios ós que se refire o apartado anterior.*

OBRIGA DE RETRIBUCIÓN.

ARTÍGO 3.-

A obriga de contribuír nacerá dende que teña lugar a prestación dos servizos que se han entender iniciados coa solicitude daqueles.

SUXEITO PASIVO.

ARTÍGO 4.-

Son suxeitos pasivos contribuíntes os solicitantes da concesión da autorización ou da prestación do servizo e, no seu caso, os titulares da autorización concedida.

RESPONSABLES.

ARTÍGO 5.-

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os art. 41 e ss. da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o art. 42 da Lei xeral tributaria.

EXENCIÓNS SUBXECTIVAS.

ARTÍGO 6.-

Estarán exentos os servicios que se presten con ocasión de:

- a) Os enterramentos que ordene a Alcaldía-Presidencia das persoas que carezan de medios económicos.
- b) As inhumacións que ordene a Autoridade xudicial e que se efectúen na fosa común.

BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE.

ARTÍGO 7.-

As bases impositivas e liquidables veñen determinadas pola clase ou natureza dos distintos servicios solicitados.

COTA TRIBUTARIA.

ARTÍGO 8.-

A cota tributaria determinarase por aplicación da seguinte tarifa:

TARIFAS DE UNIDADES DE VENDA E SERVICIOS XERAIS.

TIPO DE UNIDADES OU SERVICIO

TARIFA

I- Unidades de Enterramento

Nicho individual c/lápida temporal 10 anos	504,90.- €
Nicho individual c/lápida a 99 anos	1.074,75.- €
Nicho familiar, columna 4 c/lápida	3.586,40.-€
Sepultura, 4 C., 99 anos	3.274,20.-€
Panteón (m2) a 99 anos	722,90.-€
Columbario c/lápida 99 anos	352,85.-€
Renovación por períodos de 10 anos ata 99	109,20.-€

II- Prestación de Servicios.

1.- INHUMACIÓN:

Inhumación de cadáver en nicho temporal	87,10.- €
Inhumación de cadáver en nicho 99 anos	87,10.- €
Inhumación de cadáver en cripta	101,70.- €
Inhumación de cadáver en sepultura	145,20.- €
Inhumación de cadáver en panteón	217,85.- €
Inhumación de restos en nicho temporal	58,15.- €
Inhumación de restos en nichos 99 anos	72,60 - €
Inhumación de restos en sepultura	145,20.- €
Inhumación de restos en cripta	94,40.- €
<i>Inhumación de restos en panteón</i>	43,55.- €

2.- EXHUMACIÓN

Exhumacións de restos en nicho	101,70.- €
Exhumación de restos en cripta	120,85.- €
Exhumacións de restos en sepultura	188,75.- €
Exhumación de restos en panteón	261,40.- €
Exhumación de resto en columbario	43,55.- €
3.- CORRIDO DE LÁPIDAS	
Corrido de lápida en nicho ou cripta	36,20.- €
Corrido de lápida en sepultura	58,15.- €
Corrido de lápida en panteón	87,10.- €
Corrido de lápida en columbario	21,75.- €
4.- TRASLADOS	
Dentro do propio cemiterio	58,20.- €
A outros cemiterios	36,40.- €
5.- DEPÓSITO DE CADÁVERES	
Depósito en cámara frigorífica 24 horas	47,45.-€
Depósito de cadáver 24 horas	47,45.-€
6.- GRAVACIÓNS	
Gravación nicho	36,20.- €
Gravación en cripta	130,50.- €
Gravación en sepultura	189,40.- €
Gravación en columbario	87,20.- €
Gravación de familia de..	123,75.- €
Gravación de cruz	87,30.- €
Gravación "D.E.P."	40,00.- €
7.- REDUCCIÓN DE RESTOS	
Reducción de restos	111,70.- €
8.- COTAS DE CONSERVACIÓN	
Nicho individual c/lápida temporal 10 anos	7,20.- €
Nicho individual c/lápida 99 anos	10,70.- €
Nicho familiar. Col. 4, c/lápida	26,10.- €
Sepultura, col. 4, 99 anos	32,70.- €
Panteón (m2) 99	61,40.- €
Columbario c/lápida 99 anos	3,50.- €
9.- TROCO DE TITULARIDADE	
Por venda ou doazón o 1,5 % do custe da unidade de enterramento	
Por herdanza o 0,5 % do custe da unidade de enterramento	
Por permuta o 1,0 % do custe da unidade de enterramento.	

10.- INCINERACIÓN DE CADÁVERES	
Incineración de cadáveres	291,20.- €
Incineración de restos	131,00.- €
11.- OUTROS	
Xardineira granito estándar	145,65.- €
Floreiro estándar para nichos individuais	87,30.- €

ARTÍGO 9.-

As licencias para reparacións das unidades de enterramento tributarán pola ordenanza fiscal reguladora do imposto por construcións e obras instalacións e obras.

ARTÍGO 10.-

1.- A fin de asegurar a máis decorosa e digna conservación do recinto e espazos próximos ós destinados a enterramentos, esixiranse as cotas de conservación previstas nas tarifas sinaladas no artigo 8.8

2.- A empresa adxudicataria da construción será responsable de calquera defecto ou vicio oculto na mesma, durante o período de 10 anos, segundo a lexislación vixente.

3.- Poderá declararse a caducidade e reverterá no concello a enteira dispoñibilidade dunha unidade de enterramento por abandono da mesma, considerándose como tal , o transcurso de cinco anos dende a última inhumación verificada na mesma sen que o seu titular, familiares ou parentes aboasen os dereitos correspondentes á conservación.

4.- O expediente administrativo de caducidade no supostos anterior conterá a citación do titular, o domicilio do cal sexa coñecido ou, de non selo, a súa publicidade mediante edicto no “boletín oficial da provincia” da Coruña e no correspondente á do último domicilio coñecido, sinalando un prazo de trinta días para que o titular e os seus familiares ou os seus parentes comparezan e asinen o compromiso de satisfacer os dereitos retribuídos ou de levar a cabo a reparación procedente.

A comparecencia suspenderá o expediente; transcorrido o prazo concedido para efectuar as obras sen que o cumprimento deste compromiso se efectuase, declararase a caducidade pola comisión de goberno, dando conta á comisión informativa do inicio do expediente.

5.- Declarada a caducidade de calquera clase de sepultura, o Concello poderá dispoñer da mesma, unha vez que tivese trasladado os restos existentes nela ó lugar procedente.

DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO.

ARTÍGO 11.-

1.- Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos de que se trate.

A solicitude de permiso para construción de mausoleos e panteóns irá acompañada do correspondente proxecto e memoria, autorizados por facultativo competente.

2.- Cada servizo será obxecto de liquidación individual e autónoma, que será notificada, unha vez que se prestara o referido servizo, para o seu ingreso directo na Tesourería Municipal na forma e prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recadación.

3.- As cotas esixibles por conservación do cemiterio, de retribución anual, unha vez notificada a alta no padrón da citada taxa, terán carácter periódico e notificaranse colectivamente mediante a exposición ó público, do citado padrón.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS.

ARTÍGO 12.-

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, atenderase ó disposto na normativa vixente.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia” e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro do 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”